

Tarde de inclusión e concienciación coa escritora Soledad García no Día Mundial dos Animais

O Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) converteuse no centro da defensa animal e a educación ambiental coa presentación do novo audiolibro da escritora miñorá Soledad García, “ZOO LIBRE”. O evento, celebrado no Día Mundial dos Animais, contou cunha gran participación de familias que gozaron dun contacontos en vivo, no que tanto nenos e maiores aprenderon a signar os animais protagonistas introducindo un compoñente inclusivo e didáctico á experiencia.

Soledad García, recoñecida polo seu compromiso coa defensa dos animais e o coidado do medio ambiente, destacou a importancia de educar ás novas xeracións en valores como o respecto pola natureza e a diversidade. A presentación, organizada pola librería LASAL Books na aula didáctica do MARCO, desbordou as prazas dispoñibles, convocándose un novo evento que se celebrará en breve. As persoas interesadas poden inscribirse no seguinte formulario <https://forms.gle/F1vpPKgbmbzrrK9f6>.

A escritora celebra tamén a segunda edición de “**URCO unha historia reciclada**” publicado polo Concello de Vigo, unha peza fundamental na campaña “**Adóptame en Vigo**”, que axudou na adopción de máis de 200 animais neste ano 2024. O libro, que inclúe un código QR para visualizar os animais dispoñibles no centro de protección animal de A Madroa, será distribuído en centros educativos e clínicas veterinarias, fomentando a implantación do microchip nas mascotas, o non abandono e a adopción responsable.